



Bibiana Rodiño
CEO
Beta Implants

BETA
INNOVATION FOR VETERINARY SURGERY



// Sector
Sanitario



// Localización
Salvaterra do Miño



// Ano de constitución
2013



// Nº empregados
8

// Descripción da empresa

Peme dedicada á fabricación de material cirúrxico para veterinaria. Contan cun equipo de profesionais da enxeñería especializado no asesoramento biomecánico, o deseño e a fabricación de implantes para traumatoloxía, ortopedia e neurocirurxía veterinaria.

O seu obxectivo é proporcionarlles aos veterinarios cirurxiáns o implante perfecto para cada caso, desde o asesoramento técnico para seleccionar o máis adecuado ata o deseño e a fabricación de produtos a medida para os casos máis complicados.

"Grazas ao servizo Reacciona reforzamos o noso valor de marca e melloramos a nosa fase comercial"

Bibiana Rodiño. CEO de Beta Implants

// Descripción do proxecto

Cando BETA Implants comezou coa súa actividade fixeron unha acción comercial que consistiu na realización de chamadas ás clínicas galegas para identificar as que realizaban operacións traumatolóxicas. Posteriormente, as súas accións comerciais centráronse na asistencia a eventos, pero non acadaron os resultados esperados. Deste xeito, a acción de chamar clínica por clínica para captar máis clientela en España seguía sendo imprescindible.

O problema principal era que para levar isto a cabo non dispoñían de persoal nin recursos suficientes. Este foi o principal motivo de solicitar o servizo de relanzamento comercial. Durante a execución do seu proxecto identificaron as clínicas que, a priori, realizaron intervencións traumatolóxicas, á vez que desenvolvían un procedemento de chamadas cun guión, un flyer e un correo de información para enviarlles aos clientes interesados.

Tras isto, realizouse un filtrado desas clínicas, iniciouse un contacto telefónico con elas e obtivéronse reportings mensuais. Así, lograron obter unha lista filtrada de clínicas veterinarias con interese nos seus produtos.






// O resultado

Coa súa participación no programa, Beta Implants obtivo nova clientela á que posiblemente non chegaría doutra forma. Así mesmo, conseguiron reforzar a súa imaxe de marca, ao contar cunha maior presenza en clínicas veterinarias.

O seu maior éxito foi identificar, dunha forma efectiva, unha maneira de facer chegar o seu produto á clientela potencial, así como ter un procedemento de identificación, rexistro en base de datos, actuación, contacto e peche comercial.

“O programa Re-acciona supuxo para Beta Implants un importante impulso comercial, o que nos axudou a incrementar as vendas e mellorar a nosa competitividade”

Bibiana Rodiño
CEO de Beta Implants



// Web

<https://www.betaimplants.com>



// Vídeo

Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.